

CORES PARA O FUTURO

Son xa varias as ocasións nas que, desde estas páxinas, temos posto de manifesto a importancia que ten o feito de ir formando aos novos lectores con libros que lles resulten atractivos pois só así se logrará que o contacto coa literatura sexa para eles un deleite e un gozo cotián no que afondar no futuro. Isto é especialmente necesario para a poesía, xénero no que poden atopar a linguaxe xogando coa música, a realidade na súa combinación co imaxinario e a sensorialidade en estado puro expresada a través dunha estilística que desenvolve neles a capacidade de abstracción. Con este obxectivo, son cada día máis as editoras que crean coleccións destinadas ós pequenos lectores e aumenta o número de novidades destinadas a eles como, por exemplo, *Xiz de cor*, obra de Xoán Neira; *Bicos na voz-Besos en la voz*, poemario de Antonio García Teijeiro e *O país de amarnos*, último libro de Ana María Fernández. Son tres loables iniciativas a prol da aproximación dos versos aos rapaces e, se ben as dúas primeiras se dirixen cara a un público máis novo, a última xa esixe do lector unha certa rodaxe pois oriéntase aos adolescentes, tanto pola forma como polo tema, máis complexos que as das anteriores.

Xiz de cor é unha fermosa obra que se aproxima ás realidades cotiás dos nenos ao tempo que plantexa unha serie de preguntas que axudan a desenvolver a súa capacidade crítica. Os xogos de palabras, a presenza dunha simboloxía moi sinxela e o diálogo coas ilustracións de Mariana Riestra fan dela unha boa mostra dos logros que se poden acadar cando se entende ao neno como un ser creativo á par que receptor do texto ao descubrir que “*Un soño é/ un segredo/ un desexo/ unha arela*”, ou, igual que o verso, a ponte que nos une con outra existencia onde as palabras se miden pola súa música. Esta mesma cualidade, a sensorialidade, é xa recorrente na obra que Antonio García Teijeiro dedica aos nenos. Nesta ocasión, con *Bicos na voz-Besos en la voz* (editado pola Deputación de Málaga en versión bilingüe) proponnos un xogo que ten como elemento común o do bico representado de mil e unha maneiras a través dun verso que se carga de significación xa desde a súa mesma presenza visual na páxina. E así, “*Bicos como balas;/ balas de cartón;/ balas como bicos;/ bicos de algodón*” para ir enchendo o mundo infantil de ilusións e referentes dun amor que acadará na obra de Ana María Fernández, *O país de amarnos*, un novo exemplo de como se pode achegar aos adolescentes o sentimento que descubren a esa idade. A incerteza, a felicidade, as dúbidas e as apaixonadas horas compartidas sobrancean nuns textos onde o aparello estilístico supón un chanzo máis na urdime destes xoves lectores futuros, tan importantes para a nosa literatura.

TERESA SEARA